


**H**oi temos colaboracións dos nenos  
y nenas da escola de  
Mántaras (Tapia).

Úas cousas escribí-  
ronlas us y outras fixé-  
ronlas entre todos:

Miriam, Luci,  
Fernando, Susana, Carlos,  
Lorena, Roberto, Hugo,  
Miguel, Borja y Lucía.

Como vedes, siguen  
chegándonos relatos, refráís,  
ditos... Xa sabedes qu'aquí tedes un  
sito unde publicar as cousas que se vos  
ocurran na nosa fala. Namáis tedes que  
mandánolo a *El Arco da Veyá*. y  
esperar un pouquín.



Condo trona, mía bolita dice:

*Santa Bárbara bendita  
que nel celo tas escrita  
con papel y augua bendita,  
guarda pan y guarda vino,  
guarda a xente de peligro.*

Miriam Fernández (3º Primaria)

Por Santa Lucía baxan as noites  
y medran os días a pasada d'úa galía.

Que Dios che día un bon mozo  
con oreyas y sin pescozo.

Susana Blanco Díaz (5º Primaria)

Condo a gaviota vén pra terra,  
coye a brosa y vai á leña.  
Condo a gaviota vai pral mar,  
coye os bois y vai arar.

Tantos días pasan de xeneiro,  
tantos ayos perde el ayeiro.

Carlos Fernández Cascudo (5º Primaria)

El can que  
s'acordóu.  
que nun lo  
era

Sucedéu hai muitos anos nun lugar  
pequeno da Montaña. Un home atopóu  
un lobín y levóulo prá casa. Crióulo  
igual que se fora un cancín.

Un día este home tuvo qu'ir a  
outro poblo, al outro lado da serra.  
Apareyóu el cabalo y puxéronse en  
camín os tres: home, cabalo y can.

Pra volver fíxoseye noite y dixé-  
ronye:

—É miyor que durmas aquí por-  
que nun é fácil atravesar a serra de  
noite, qu'hai muitos lobos.

El home contestóu:

—Nun teño por qué ter medo:  
teño un bon cabalo y un bon can.

Y marchóu. Condo iba nel mitá da  
serra empezaron os lobos a oular. El can  
acordóuse que nun lo era y foise en  
busca dos sous hirmaos. Veron todos  
xuntos y el primeiro en atacar foi él. El  
home escapóu prá casa como puido.

Condo s'erguéu pola mañá, xa taba alí  
el can pero él coyeu a escopeta y pegóu-  
ye dous tiros.

# SILVINO

## EL EXTRATERRESTRE

Temos en Salave, na zona de Silva, us llagos que me gusta muito visitar. Meu padre cuntóume lo ben que lo pasaban condo eran pequenos y xugaban allí y un amigo cuntóume úa historia que vos vou resumir. Nun é verdá pero prestaríame que lo fora.

Condo era pequeno, este amigo meu foi de merenda a os llagos con sou padre y súa madre. Taba sentado na veira, mirando os páxaros y as ras y víu cómo al outro llado del llago movíanse as toxearas. Acercóuse pra mirar ben lo qu'era y víu un ser estraño. Era pequeno, cua cabeza mui grande y os oyos regallados.

El neno díxoye:

—Nun teñas medo, nun che vou fer nada.

Aquel ser contestóuyey:

—Tou solo y teño fame.

—Pos ven xunta os meus padres, que tremos a merenda —dixo el neno.

Aquel ser nunca probara a tortiya, pero coméu hasta poñerse morado.

Esperaron a que se fixese de noite (nun querían que naidé lo vise) y leváronlo prá casa. Condo chegaron, el can púxose tolo, casi lo morde, pero despós fixéronse grandes amigos. Chamáronye Silvino porque lo atoparon



en Silva y viviu con ellos algún tempo. Hasta qu'úa noite chegou un aparato mui raro, con lluces, y pousóuse na cortía.

Silvino empezóu a berrar:

—¡Aquí tán! ¡Son ellos! ¡Voume prá casa!

¡Adiós, amigos!

...Y foise.



el **COCHÍN** de  
**SAN ANTONIO**

Condo daquén, neno ou grande, anda de casa en casa comendo en todos os lados, dícenye: "Pareces el cochín de San Antonio".

Fixemos averiguación pra saber d'ónde vén esta espresión. Pra eso preguntamos a os máis veyos y cuntáronnos úa especie de leyenda que, aunque tamén la hai noutros sitios, a xente de Mántaras féxola súa y máis ou menos é ésta.

Hai muitos anos, os vecíos de Mántaras criaban un cocho. Criábanlo entre todos porque el cocho andaba de casa en casa comendo en todas.

Chegado el tempo de fer a festa, os vecíos rifaban ou vendían el cocho y cos cuartos que sacaban fian a festa y parece ser qué d'aquí d'unde vén el dito.